



RPT de SANIDADE

Xuntanza do 13/07/2021

Asistimos a unha xuntanza con Sanidade, na que a maiores de discutir coa consellería, tocounos tirar das orellas a CCOO e SEPGA pola súa postura corporativista.

Os sindicatos fomos convocados a unha xuntanza o martes 13 con responsábeis da consellería. Puro trámite que comezou ás 9:30 e, pouco máis dunha hora despois, a vicesecretaria xeral marchou deixándonos coa palabra na boca. En fin, bo comezo para ilustrar a vontade negociadora que teñen.

Sanidade propón amortizar un posto de subalterno en servizos centrais. Preguntamos sobre a súa situación de ocupación e a resposta foi que está vacante porque no ano 2019 xa a amortizaran. É dicir, **Sanidade parece querer xogar ao mesmo que Educación: executar modificacións na RPT cando lles veña ben, e xa despois facer o trámite.** A maiores, sobre este posto, engadir que a **amortización é para financiar a estrutura.** Outro exemplo de cortar por abaixo para crear por arriba.

A un monte de postos (seccións, servizos e subdireccións) **modificanlles o corpo/escala e ábrelos a outras administracións.** Supostamente para facilitar a súa cobertura. Así que reclamamos os datos de cantas desas prazas están con problemas de cobertura. Responderon que facilitarían esa información (veremos).

Entre os postos que modifican, hai algúns que están abertos exclusivamente á escala de saúde pública e administración sanitaria, **esquecendo que teñen outra escala**, a de atención primaria e especializada, que non son máis que 17 postos en todo o País e que a consellería quere forzalos a que pasen a persoal estatutario. Se non os queren, que lles abran postos para facilitarlles o cambio de posto voluntario.

A Consellería ten en pouca estima ao seu persoal, razón pola que non teñen problema algún en abrir postos e máis postos a outras administracións. A maiores

de reducir así as opcións de promoción do seu propio persoal, crean un sistema no que para vir á Administración autonómica necesitas un carné ou un padriño/madriña. Que abran os postos que realmente teñan dificultades para cubrir, e o resto que o fagan con persoal propio.

A Consellería continúa sen cumprir a obriga de montar o seu propio arquivo documental, dotado co persoal necesario. Incumpren así as leis ditadas polo Parlamento de Galiza (impulsada polo mesmo partido que dirixe a consellería).

CCOO e SEPGA defenderon que as xefaturas de servizo deberían ser exclusivamente para o subgrupo A1, pois abrílas a A2 é “degradar” os servizos. Para a CIG, **os postos deben estar abertos ao que sexa adecuado para prestar un servizo público adecuado, e non vamos a entrar en pelexas corporativas.** Con ese razoamento de CCOO e SEPGA, e posto que as subdireccións xerais son A1, os servizos deberían ser A2, as seccións C1, e os negociados C2. A proposta que lanzaron eses sindicatos na negociación con Sanidade sería para aplicar só aos postos que lles interesa? (nunha postura corporativa), ou farían extensiva a exclusión do persoal funcionario de A2 á totalidade de xefaturas de servizo de toda a Administración autonómica? Estas son as **consecuencias de ir a negociar “lo mio”.**

Antes de fuxir, a representante da consellería informou de que están a traballar nunha modificación da RPT máis importante. A CIG aproveitou para reclamar unha discusión a fondo da estrutura xeral dos postos: distribución de efectivos entre grupos, niveis, distribución territorial, etc.





Veterinarios/as: concurso de traslados e retirada de postos en RPT (co apoio de CCOO e SEPGA)

O concurso do persoal veterinario paralizado pola ineptitude de Sanidade. CCOO e SEPGA defendendo a retirada de postos de persoal veterinario na RPT de Sanidade con criterios corporativos.

O martes 13 asistimos a unha xuntanza sindicatos-Sanidade para tratar unha modificación da RPT de Sanidade. A primeira intervención da CIG foi para queixarnos polo bloqueo que a Consellería de Sanidade estaba a producir na negociación e convocatoria do concurso de traslados do persoal veterinario.

Foi en xaneiro do 2020 cando Función Pública nos enviou un borrador da convocatoria dese concurso. A CIG fixo os deberes de inmediato e presentamos alegacións escritas. Ano e medio despois aínda non houbo nin a primeira xuntanza para discutilo, nin recibimos un segundo borrador. As únicas explicacións que recibimos ao longo de tantos meses foi que a dilación era consecuencia de que Sanidade quería modificar a súa RPT de persoal veterinario. **Sanidade é responsable, por ineptitude, pero tamén Función Pública por inactividade, xa que é esta dirección xeral a que ten as competencias en materias de persoal.**

Ao longo da discusión na xuntanza do martes 13, Sanidade respondeunos que na actualidade eles xa fixeron os deberes, e **pasan o balón a Función Pública ao dicirnos que todo o expediente está xa nas súas mans.** Veremos cal é a película do director de Función Pública na seguinte xuntanza que teñamos con el.

Volvendo á RPT: **a consellería decide abrir moitos postos de escalas sanitarias** para poder ser cubertos por corpos xerais, administración especial e persoal estatutario, incluíndo outras comunidades autónomas, administración do estado e Sergas. Din que por “*dificultades para cubrir prazas*”, unido “*ao obxectivo de enriquecer o desenvolvemento das actividades [...] e aumentar o carácter multidisciplinar dos postos*”. Vámonos, que abren os postos para ter máis opcións.

Pero en contradición co anterior, **deciden pechar 18 postos**, todos eles xefaturas de sección (15 en servizos centrais e 3 en Lugo), **que ata agora poden ser ocupados por persoal veterinario, e que con esta proposta deixarían de selo.**

Curiosamente a explicación non nola deu a representante da consellería, se non CCOO (a representante gabouse de que foron eles os impulsores da proposta), co apoio da representante de SEPGA.

A xustificación de CCOO-SEPGA é a seguinte: os postos de escalas sanitarias que están abertos ao persoal veterinario, nunca os ofertan no concurso de veterinarios/as, polo que están ocupados por estes sempre en comisións de servizos. Por esa razón retiran as veterinarios/as.

En primeiro lugar iso contradí as xustificacións de Sanidade para abrir outros moitos postos. En segundo lugar, **que non se convoquen postos dunha escala nun concurso é unha decisión política que poden mudar** cando queiran. Abondan os exemplos de postos abertos, por exemplo, a corpos xerais e a algunha escala, que son convocados tanto no concurso de corpos xerais como no da escala. Nada impide que un mesmo posto vacante aberto a varias escalas sexa ofertado nos respectivos concursos de traslados.

Na CIG temos claro que **os postos deben estar abertos aos corpos/escalas que sexan necesarios para cumprir coas funcións encomendadas e dar así servizo público óptimo. Por tanto, non cuestionamos a conveniencia ou non de pechar o acceso ao persoal veterinario. O que non aceptamos son as xustificacións que, no fondo, teñen un importante compoñente corporativo.**